

Tema 7

A néboa

Contidos:

Área de **Educación viaria**:

- A néboa e a conducción: a iluminación.
- Sinalización.

Área de **Linguaxe**:

- O hiato: concepto e acentuación.
- A narración: concepto e estrutura
- Narración realista e fantástica.

Área de **Matemáticas**:

- As fraccións: concepto e membros dunha fracción.
- Problemas de fraccións.
- Fraccións equivalentes a un número natural.

Área de **Ciencias sociais**:

- Os ríos da Península Ibérica: características.
- As tres vertentes: cantábrica, atlántica e mediterránea.


Área de **Ciencias naturais**:

- A auga na Terra: estados.
- O ciclo da auga.

Área **Transversal**.

- Educación para a saúde: un fogar á beira do río.
- Educación ambiental: como aforrar auga?

A néboa



Eduardo e Micaela viaxaban en silencio nos asentos posteriores do coche. As súas caras desprendían inquietude e medo. Marisa, que ía sentada no asento dianteiro xunto a Ubaldo, volveuse cara a eles cariñosamente e díxolles que se tranquilizaran, que non pasaba nada e que pronto chegarían.

Ubaldo conducía en silencio moi arrimado ao parabrisas nun intento de ver máis, pero era inútil; a estrada víase cada vez peor.

A noite caeu. Para evitar que o parabrisas se embazase, orientou o chorro de aire cara a el e utilizaba periodicamente o limpaparabrisas.

De vez en cando poñía a luz de estrada pero axiña volvía á de cruzamento, xa que coa longa vía peor porque se reflectía na néboa e o cegaba.

Un vehículo achegouse pola parte posterior. Decatouse nese momento de que non puxera a luz posterior de néboa e fíxoo inmediatamente. Miraba polo espello retrovisor para observar o outro vehículo. Debe ser un bo condutor/a, pensou, xa que non adianta nestas condicións e mantén unha correcta distancia de seguridade.

De pronto, como por arte de maxia, a néboa desapareceu, mellorou a visibilidade, a calzada secouse e as condicións da condución cambiaron radicalmente; entón, apagou a luz de néboa.

Ubaldo, utilizando o seu intermitente dereito, cedeu o paso ao outro vehículo que circulaba detrás del e, a un saúdo de cortesía coa bucina, el respondeu con outro.

Eduardo e Micaela, como é habitual neles, comezaron a rir e a xogar: xa non tiñan medo. Ubaldo sentouse comodamente no seu asento e respirou tranquilo.


ACTIVIDADES

1- Le o texto e contesta:

- Que fenómeno meteorolóxico sufriron os protagonistas?
- Que fixo Ubaldo para evitar que se embazase o parabrisas?
- Era solución poñer a luz longa? Por que?
- Que dispositivo activou Ubaldo para que o vise o condutor do coche que o precedía?
- En que se baseou para afirmar que o condutor do outro vehículo era un bo condutor/a?
- Cando cesou a néboa, Ubaldo apagou a luz de néboa traseira. Para que o faría?

2- Consulta, se o necesitas, o código da circulación e responde:

- Que dificultades supón a néboa intensa para a condución?
- Que medidas deberemos tomar?
- Que iluminación hai que utilizar?
- En que consiste a iluminación dianteira de néboa? E a traseira?
- Cando podemos usar a iluminación dianteira de néboa? E a posterior?



3- Observa os sinais seguintes e escribe debaixo o seu significado (utiliza o código se o necesitas).



OLLO!



Non esquezas apagar os dispositivos dianteiros ou traseiros de néboa cando as condicións de visibilidade melloren, xa que poderías cegar outros condutores/as.

4- En moitas palabras do texto (por exemplo, en *viaxaban*, *posteriores* ou *dianteiro*) hai ditongos. Un ditongo fórmase cando se unen dúas vogais nunha soa sílaba (normalmente, unha vogal débil [i, u] e outra forte [a, e, o]). Se as vogais contiguas se pronuncian en sílabas distintas, prodúcese o que denominamos **hiato**. Consulta o dicionario e escribe a definición de **hiato**.

5- Hai un hiato, por exemplo, cando van contiguas dúas vogais fortes, como en *heroe*. A palabra *heroe* constará, polo tanto, de tres sílabas, xa que o grupo *oe* (o-e) non forma ditongo. Escribe cinco palabras nas que haxa un hiato deste tipo.

6- Este tipo de palabras levará acento gráfico cando lle corresponda polas regras de acentuación. En función diso, acentúa graficamente, se corresponde, estas palabras:

caotico azalea cheos areal leon area (gran de rocha) area
(superficie)

7- Pero tamén pode haber hiatos entre unha vogal débil e outra forte, ou viceversa. Na palabra *vía*, por exemplo, temos un hiato: ví - a. Este tipo de hiatos prodúcense cando o golpe de voz recae sobre a vogal débil. Nestes casos, as vogais sepáranse en dúas sílabas e a vogal tónica **sempre levará acento gráfico**. Tendo isto en conta, escribe dez palabras nas que haxa un hiato deste tipo.

8- Nas seguintes palabras hai hiatos. Sinálaos e pon o acento gráfico.

autovia vehiculo travesia railes duo meteoroloxia

9- Volve ler o texto de “a néboa” e localiza cinco palabras que conteñan hiatos e cinco que conteñan ditongos. Clasifícaaas.

Recorda que un hiato se produce cando dúas vogais xuntas se pronuncian en sílabas distintas. Poden ser dúas vogais fortes (*peón*) ou por recaer o golpe de voz na vogal débil (*María*).

A narración

Narrar é contar feitos, historias, acontecementos..., reais ou imaxinarios, que suceden ao longo dun tempo.

Unha narración, normalmente, deberá ter unha orde rigorosa no seu desenvolvemento. Así deberá constar de:

- Unha **introdución**: ou presentación onde se nos presentan os personaxes, a situación, o espazo...
- Un **desenvolvemento**: ou nó, no cal se produce o transcurso da historia que se narra.
- Un **desenlace**: ou final, no que se conta como remata a historia.

Tamén é importante adecuar os **verbos** ao tempo no que se desenvolve a narración. Así, se queremos contar algo que está pasando no momento no que se fala, usaremos o *tempo presente*. E do mesmo modo co *pasado* e o *futuro*.

Por outro lado, deberemos diferenciar dous tipos de narración en función do carácter que teñan os feitos que se contan. Así, a narración poderá ser **realista** ou **fantástica**.


- Narración **realista** é aquela na que se contan feitos que aconteceron ou poden acontecer, e que presenta personaxes, feitos ou lugares reais ou similares aos reais.

- Narración **fantástica** é aquela na que aparecen seres extraordinarios, lugares imaxinarios, feitos fantasiosos... Son narracións deste tipo as lendas, as fábulas e as novelas de ciencia-ficción.

ACTIVIDADES

1- Toma nota do cadro anterior e contesta ás seguintes preguntas:

- Que é unha narración?
- En que partes se divide unha narración e en que consiste cada unha delas?
- Existen dous tipos de narracións: cales son? En que se diferencian?



2- A continuación aparecen desordenados varios fragmentos dunha narración. Organízaos segundo corresponda e escríbeos, xa ordenados.



“O primeiro dera unha forte freada e o de detrás chocara con el. Cada un dos seguintes chocou co de diante.”

“O pasado venres fomos de acampada ao Grove. Como era o primeiro día dunha longa ponte, saían moitos coches e tivemos que ir nunha aburrida caravana”

“- É importante manter a distancia de seguridade adecuada, de modo que poidamos deter o noso vehículo ante calquera obstáculo imprevisto.”

“Cando levábamos media hora en estrada vimos repentinamente un grave accidente de catro coches”

“Rafael, que conducía devagar, comentou que o accidente foi por non respectar a distancia de seguridade. E logo dixo:”

3- Do texto anterior escribe cinco nomes, cinco verbos, cinco adxectivos e tres adverbios.

4- Le con atención o seguinte texto e separa as partes correspondentes á introdución, ao desenvolvemento e ao desenlace.

Unha vez, un campesiño foi roubar cogombros nunha horta. En canto se deslizou ata a sementeira, pensou: se consigo levarme un saco de cogombros, vendereinos e con ese diñeiro comprarei unha galiña. A galiña porá ovos, incubará e sacará moitos pitiños. Criarei os pitiños, vendereinos e comprarei un porquiño. Cando creza, terá unha boa cría. Vendereina para comprar unha egua, que, á súa vez, me dará poldros. Criareinos e vendereinos; despois comprarei unha casa e poñerei unha horta. Sementarei cogombros, pero non permitirei que me rouben. Poñerei uns gardas moi severos para que vixíen. E, de cando en vez, darei unha voltiña e berrareilles: “Eh, amigos, vixiade con máis atención”. Sen decatarse, o home dixo esas palabras en voz alta.

Os gardas que vixiaban a porta abalanzáronse sobre el, e déronlle unha boa malleira.




León Tolstoi

5- Fíxate na narración anterior e anota todas as accións que fixo ou pretendía facer o seu protagonista. Responde posteriormente: abundan os verbos? Por que cres que é así?

6- Na narración, un elemento fundamental é, como xa te terás decatado, o **verbo**. Os verbos do texto anterior, en que tempos están?

7- Le detidamente o seguinte texto:



“Seu pai era labrador e tiña algunhas terras. Unha tarde quedou durmido arando cos bois. E como non volvía o arado, os bois seguiron e saíron do campo. Ían cara ao oeste. Tampouco á noite se detiveron. Pasaron vaos e montañas sen que o home espertara. Fixeron todo o camiño

do Teixeira e chegaron a Portugal. O home non espertaba. Algúns viron pasar este home que araba cos seus bois un só rego, longo, recto, ao longo das montañas, a través dos ríos. Ninguén se atreveu a espertalo. Unha mañá chegou ao mar. Atravesou a praia; os bois entraron no mar. Rompían as ondas nos seus peitos. O home sentiu a auga polo ventre e espertou (...)”

Rafael Sánchez Ferlosio

- Como consideras esta narración, realista o fantástica? Razóao.
- Pon un título para este texto e inventa un final que lle dea maior fantasía.

Ás veces, o narrador relata os feitos como vividos por el como protagonista ou como testemuña da historia; deste modo, o narrador convértese nun dos personaxes. Nestes casos a narración escríbese en **primeira persoa**.

Outras veces, o narrador conta a historia desde “fóra dela”, sen participar na mesma. Este tipo de narracións escríbense en **terceira persoa**.

8- En que persoa están escritos os tres textos que liches?

9- Imaxina unha viaxe en automóbil nun día de néboa. Fai unha destas dúas narracións: unha en terceira persoa e con carácter realista, e outra redactada en primeira persoa e con carácter fantástico.



As fraccións

Unha calzada con dous carrís está dividida en dúas partes iguais, unha para cada sentido. Cada parte, é dicir, cada carril, é **un medio** da calzada.

Un medio escribímolo así: $\frac{1}{2}$

Se a calzada tivese un carril engadido para vehículos lentos, entón estaría dividida en tres partes iguais. Cada parte (cada carril) é **un terzo** da calzada.

Un terzo escíbese así: $\frac{1}{3}$

$\frac{1}{2}$ e $\frac{1}{3}$ son **FRACCIÓNS**.

Fracción é unha ou varias partes iguais en que se divide a unidade.

Unha fracción consta de dous membros: **numerador** e **denominador**. O denominador indica as partes iguais en que se divide a unidade, e o numerador representa as partes da unidade que se toman ou consideran.

Fracción $\frac{1}{3}$ Numerador
Denominador

Unha fracción lese dicindo primeiro o numerador e despois o denominador:

$\frac{1}{4}$ lese “un cuarto”, $\frac{3}{5}$ lese “tres quintos”, e así sucesivamente.

A partir de divisores superiores a 10, nomearemos o denominador acabado en - **avo**.

Así, $\frac{2}{11}$ lese “dous onceavos”, $\frac{7}{23}$ lese “sete vinte e tresavos”, etc.

ACTIVIDADES

1- Escribe:



- Tres fraccións que teñan o mesmo denominador.
- Tres fraccións que teñan como numerador un número menor que 5.
- Tres fraccións que teñan como numerador un número impar e como denominador un número par.
- Tres fraccións que teñan como numerador un múltiplo de tres e como denominador un múltiplo de cinco.

2- Escribe como se len as seguintes fraccións:

$$\frac{2}{3} =$$

$$\frac{3}{4} =$$

$$\frac{4}{5} =$$


$$\frac{5}{10} =$$

$$\frac{11}{23} =$$

$$\frac{23}{8} =$$

3- Nun concesionario hai doce coches: tres son diésel; dous son todoterreo; un é convertible; seis valen máis de 12.000 euros; e cinco son de segunda man. Escribe a fracción que corresponde a cada grupo de automóviles.

Exemplo: Coches diésel = $\frac{3}{12}$



4- Nese mesmo concesionario de automóviles, o vendedor di que, dos doce, os dous terzos son Seat. Cantos Seat haberá?, pregunta. Para descubri-lo, realizo unhas sinxelas operacións:

- Primeiro dividimos o total de coches (12), polo denominador (3); $12 : 3 = 4$
- Despois multiplicamos o resultado (4) polo numerador (2); $2 \times 4 = 8$. Este será o resultado final.

$$\frac{2}{3} (12) \quad \left| \quad \begin{array}{l} 12 : 3 = 4 \\ 4 \cdot 2 = 8 \text{ Seat} \end{array} \right.$$

Polo tanto, **$\frac{2}{3}$ de 12 = 8 automóviles Seat.**

Calcula, agora, os que teñen pintura metalizada, se nos din que son os $\frac{3}{4}$.

5- Temos que facer unha viaxe de 210 km. Cando levamos percorridos os $\frac{2}{7}$, paramos para comer. Cantos quilómetros nos quedan aínda?



6- Dos 55 sinais verticais de tráfico que atopo nun tramo de estrada, as $\frac{2}{5}$ partes son circulares de prohibición (orla vermella). Cantos son?

7- Nun aparcadoiro hai 650 automóbiles; oito treceavos son de gasolina e o resto, diésel. Cantos vehículos usan gasóleo como combustible?

8- Das seguintes fraccións,

$$\frac{3}{8}, \frac{18}{12}, \frac{2}{2}, \frac{5}{4}, \frac{2}{9}, \frac{18}{10}, \frac{19}{15}, \frac{12}{12}, \frac{14}{11}, \frac{9}{17}$$

escribe aquelas que sexan maiores que a unidade e pon ao seu lado o seu nome en letras.

9- Unha etapa da volta ciclista consta de 100 km. Se un corredor cubriu a quinta parte ($\frac{1}{5}$) e outro as tres quintas partes ($\frac{3}{5}$), canto terán percorrido cada un? Tendo en conta o resultado (dúas fraccións que teñen o mesmo denominador), cal será maior?



10- Se nese percorrido de 100 km un ciclista fixo os $\frac{3}{4}$ e outro os $\frac{3}{10}$, canto fixo cada un? Do mesmo modo que antes, de dúas fraccións co mesmo numerador, cal será maior?

11- Escribe o signo $<$ (*menor que*) ou $>$ (*maior que*) segundo corresponda:

$$\frac{3}{7} \dots \frac{6}{7} ; \frac{4}{8} \dots \frac{2}{8} ; \frac{3}{9} \dots \frac{1}{9} ; \frac{3}{5} \dots \frac{3}{9} ; \frac{5}{12} \dots \frac{5}{8} ; \frac{7}{8} \dots \frac{7}{12}$$

FRACCIÓNS EQUIVALENTES A UN NÚMERO NATURAL

Unha fracción é **equivalente** a un **número natural** cando ao dividir o numerador entre o denominador a división é exacta.

12- Escribe o número natural equivalente a cada fracción

$$\frac{8}{2} = \quad \frac{21}{3} = \quad \frac{49}{7} = \quad \frac{99}{9} = \quad \frac{50}{10} = \quad \frac{72}{12} =$$

Os ríos da Península Ibérica

O accidentado relevo da Península Ibérica, unido á diversidade de climas que nela podemos encontrar, condicionan as características dos nosos ríos. Debido ao seu nacemento en montañas relativamente próximas á costa, son **curtos**, comparándoos cos grandes ríos europeos (Danubio, Volga, Rin, etc.). Así, o noso río máis longo, o Teixo, apenas chega aos 1.000 quilómetros, moi lonxe, por exemplo, dos 2.888 quilómetros do Danubio.




Así mesmo, o clima é a causa de que os seus **caudais** sexan **reducidos** e de que exista un período de estiaxe, debido á sequidade e á falta de chuvias durante o verán. Unha excepción son os ríos da España húmida.

Outra característica que debemos destacar dos nosos ríos é que **ningún é navegable**, agás unha parte do río Guadalquivir, desde a súa desembocadura ata Sevilla.

ACTIVIDADES

- 1- No texto anterior indicánnos tres características xerais dos ríos da Península Ibérica. Cales son?
- 2- Cal é a causa que provoca que unha das características de moitos dos nosos ríos sexa a súa escasa lonxitude?
- 3- Cal é o río máis longo da Península Ibérica? Axudándote do material bibliográfico que necesites, di cal é a súa lonxitude exacta e por que provincias españolas pasa ese río.
- 4- Que características do noso clima condicionan o caudal dos ríos peninsulares? Define, axudándote dun dicionario, o termo **estiaxe**.



- 5- Existe algún río en España que sexa navegable? Que beneficios cres que podería achegar que algúns dos ríos españois fosen navegables?

Os ríos españois desembocan en tres mares diferentes: Mar Cantábrico, Océano Atlántico e Mar Mediterráneo. Existen, polo tanto, tres vertentes na Península Ibérica:

- **Vertente cantábrica:** os seus ríos son **curtos**, debido a que nacen en montañas próximas ao mar. Polo clima chuvioso da zona, son **caudalosos** e bastante **regulares**. Os máis importantes son: Bidasoa, Nervión, Nalón, Sella, Navia e Eo.

- **Vertente atlántica:** a ela pertencen os ríos máis **longos** da Península, ao nacer maioritariamente no Sistema Ibérico e discorrer cara ao Oeste pola lixeira inclinación da Meseta. Os máis importantes son: Miño, Douro, Teixo, Guadiana e Guadalquivir. Agás o Miño, que ten o seu curso na España húmida, o resto atravesa a España seca, polo que sofren importantes **estiaxes**.

- **Vertente mediterránea:** a maioría dos ríos desta vertente son **curtos, pouco caudalosos** e de **réxime moi irregular**, xa que pasan de períodos de gran seca a grandes inundacións en poucas horas, debido a chuvias torrenciais. Os máis destacados son os cataláns Ter e Llobregat e os levantinos Turia, Xúcar e Segura. Debemos desligar destas características ao río Ebro. O seu nacemento na España húmida e os seus moitos afluentes fan que sexa o río máis caudaloso da Península Ibérica.

6- Define a palabra “vertente” e enumera as tres vertentes da Península Ibérica.



“Ríos montañeses, de leito rochoso, caudalosos. Ríos veloces e curtos; o cumio está próximo, a neve amontóase, o clima de grande humidade, o camiño de pedras; as augas traballan feramente. Ríos translúcidos, de canle de seixos; ríos rápidos, breves e mordedores da paisaxe”.

A viaxe dos ríos
Pedro DE LORENZO


7- Le este fragmento e contesta:

- Que aspectos destaca o autor dos ríos que describe?
- Tendo en conta as características anteriores, a que vertente cres que pertencen os ríos descritos no texto? Cita tres ríos desa vertente.
- Como características fundamentais, o autor indica que os ríos son curtos, caudalosos e rápidos. Explica o porqué de cada unha destas tres características.


8- Como xa sabes, os ríos son un importante axente erosivo. Cres que os ríos da vertente cantábrica erosionarán fortemente a paisaxe? Por que?

9- Os ríos da vertente atlántica son máis longos que a media dos ríos españois.
Por que?

10- A continuación tes os ríos da vertente atlántica e unha serie de provincias.
Une con frechas cada río cunha provincia pola que pasa:



Sevilla
Soria
Badaxoz
Pontevedra
Toledo



11- Cales son as características xerais dos ríos da vertente atlántica? Hai un río desa vertente con trazos diferentes. Cal é e por que?

“O clima árido do Mediterráneo tamén contrasta coa idea dunha terra verde abundante en auga. Os poucos ríos van deixando o seu caudal a medida que se achegan ao mar; Turia, Xúcar e Segura son utilizados para regar os abundantes cultivos da faixa costeira.

Segundo a estación do ano na que cheguemos terán os ríos un aspecto moi distinto; das enchentes de outono e primavera, poden pasar á seca máis extrema en pleno verán. O viaxeiro cruzará entón numerosas pontes que só salvan corgos pedregosos”.

Manuel FERNÁNDEZ NIETO

12- De que ríos nos está a falar o texto? Cales son as súas características fundamentais?

13- O caudal destes ríos varía notablemente no transcurso do ano.

- Cando sofren as maiores enchentes? Por que?

- En que estación apenas levan auga? Por que?

14- Cal é o río máis caudaloso da Península Ibérica? Correspóndese cos da súa vertente? Por que?

15- Debuxa un mapa da Península Ibérica e sinala nel todos os ríos que traballaches na unidade. Colorea en diferentes cores as tres vertentes.



Un fogar á beira do río

1- Observa un mapa da Península Ibérica e completa o cadro:

Río	Principais poboacións polas que pasa
Miño	
Douro	
Teixo	
Guadiana	
Guadalquivir	
Ebro	

2- Escribe o nome dalgunhas vilas ou dalgunha cidade de Galicia que estean ao lado dun río. Di o nome dos ríos e sinala a que vertente pertencen. Diferencia tamén se é un río ou un afluente.



Recorda que un **afluente** é un río que desemboca noutro río.

3- Como terás constatado, un gran número de vilas e cidades foron fundados á beira de ríos. Esta circunstancia non foi froito da casualidade senón que respondeu a algunha importante razón. Di cal cres que é e enumera todos os beneficios que proporcionaban os ríos aos habitantes desas poboacións.

4- Ademais das beiras dos ríos, que outras localizacións elixiron os homes para asentarse?

5- Aínda que hoxe en día non dependemos tanto dos ríos grazas aos avances tecnolóxicos, os ríos seguen sendo moi útiles para as nosas vidas. Que achegan os ríos, actualmente, á nosa vida cotiá?

6- Que actitudes debemos tomar para que os nosos ríos sigan sendo un foco de riqueza natural para a humanidade?



O ciclo da auga

Como xa sabes, é necesario vixiar o nivel da auga do motor do noso vehículo, engadindo a auga, ou líquido refrixerante que precise, ante posibles perdas.


Todos nós “viaxamos” polo espazo nun vehículo que é o noso planeta e, se nos falta a auga, non podemos engadila. A cantidade de auga da Terra é constante e así permaneceu desde as súas orixes. Visto desde o exterior da atmosfera, a nosa Terra é un planeta azul debido á existencia da auga. O 70 % da súa superficie son océanos. A cantidade de auga da Terra é aproximadamente de 1.360 millóns de km^3 , cantidade sen dúbida enorme... pero desta cantidade, o 97% é salgada e, da restante, o 95 % está en forma de xeo.

Agora ben, toda esta cantidade de auga non está quieta, senón que se acha en constante movemento, realizando un ciclo natural de forma continuada debido á acción do sol e á forza da gravidade.

A auga da Terra atópase nos tres estados nos que se pode encontrar a materia: sólido, líquido e gasoso.

- **Sólido.** En forma de neve nos cumes das altas montañas e de xeo nos casquetes polares, que constitúen grandes depósitos de auga doce.
- **Líquido.** En océanos, mares, ríos, lagos e augas subterráneas.
- **Gasoso.** En forma de vapor de auga na atmosfera.

Observa como é o **CICLO DA AUGA**



Pola acción da calor do sol, a auga dos mares e océanos evapórase formando as nubes, desde as que, desprazadas polos ventos, descende ao chan en forma de precipitacións: neve, chuvía, sarabia. Unha parte da auga que cae evapórase de novo antes de chegar ao chan, outra parte é retida pola vexetación ou fíltrase ao subsolo e o resto incorpórase ao caudal de ríos e lagos, discorrendo pola superficie cara ao mar.

ACTIVIDADES

- 1- Le detidamente o texto anterior e busca nun dicionario os seguintes termos:



evaporación condensación precipitación ciclo

- 2- Explica que importancia ten o Sol no chamado “ciclo da auga”.
- 3- Como liches, a auga podémola encontrar na Terra en tres estados. Cales son estes tres estados? Onde a podemos encontrar en cada un dos estados?



- 4- Completa as seguinte frases:

A viaxe continua da auga desde os _____ ás nubes e das nubes á _____ para volver de novo ao _____ denomínase _____.

- 5- Como se chama o paso de xeo a auga líquida? E de líquido a sólido?
- 6- O ser humano intenta ás veces modificar o ciclo hidrolóxico (da auga) para a súa utilidade. De que forma? Pon algúns exemplos.
- 7- En que fases do ciclo se produce a evaporación da auga?
- 8- Onde vai parar a auga das precipitacións?
- 9- A auga no planeta Terra non está normalmente dispersa, senón que se almacena en determinados lugares. Onde se almacena a maioría da auga doce do planeta?
- 10- Baseándote no gráfico que aparece na páxina anterior, realiza ti un debuxo que sexa representativo do ciclo da auga, no que aparezan os seguintes elementos:

- Lago	- Montaña nevada	- Río
- Mar	- Nubes	- Chuvia
- Neve	- Sol	- Evaporación
- Condensación	- Augas subterráneas	- Precipitación


Podemos aforrar auga?

A auga, un ben cada vez máis escaso e mal repartido no planeta, é desperdiciada de xeito demasiado alegre e despreocupado.

Cada europeo medio gasta uns 200 litros ao día. Desa cantidade, as tres cuartas partes utilízanse no cuarto de baño, a metade dela estragada do xeito máis inútil.

Nos países desenvolvidos o gasto de auga potable para regar o céspede do xardín pode supoñer ata o 80 por cento do que se consome nesa casa. Debemos estar tolos para esquecer con tanta facilidade que só o 0,3 por cento de toda a auga que posúe o planeta é utilizable para consumo humano. E tamén que máis de dous mil millóns de persoas non teñen auga potable.

Non esquezas, pois, que a auga é o ben máis precioso e máis escaso. Utilizándoa racionalmente cada día podemos salvar ao redor de 100 litros de auga por persoa, case a metade da que usamos. Seguindo estes consellos que a continuación che ofrecemos, aforrarás moitos litros de auga:



- É preferible utilizar a ducha que darse un baño. Cunha ducha de cinco minutos, en lugar dun baño, aforranse entre 70 e 90 litros.
- Convén pechar a auga da ducha mentres estamos a enxaboar a cabeza. Desta forma deixaremos de gastar entre 10 e 20 litros de auga.
- Ao limpar os dentes, non debemos deixar a billa correndo. Podemos perder ata 20 litros mentres cepillamos a dentadura durante sete minutos.
- Ao lavarnos ou afeitarnos convén usar o tapón do lavabo ou un recipiente antes que deixar correr inutilmente a auga. Aforraremos 10 litros en cada operación.
- Convén comprobar o bo funcionamento das cisternas pois é doado que goteen. Un sistema defectuoso pode consumir a metade de 150 litros ao día.
- Se non se utiliza o retrete como papeleira botando nel calquera obxecto imaxinable, aforranse entre 7 e 20 litros diarios.
- Unha billa que gotea pode dar máis dunha mala noite e perder uns 1.000 litros de auga. Se cae a chorro desperdiciará arredor de 14.000 litros.

ACTIVIDADES

1- Os consellos que liches non son as únicas medidas que podemos tomar para aforrar auga. Escribe ti outras medidas que aforren ou eviten contaminar a auga potable.